

## PEZA DO MES

marzo

2007



**PONDERAL DE VASOS ENCAIXADOS**



## PONDERAL DE VASOS ENCAIXADOS

16 MEDIAS ONZAS

SÉCULO XIX

LATÓN

2,9 x 5,7 x 2,9 CM

Nº INV. 4.809

PESAS EN ORDEN DECRECENTE: 8

8, 4, 2, 1 MEDIAS ONZAS; 2, 1, 1/2, 1/2 OCHAVAS.

PESO ACTUAL TOTAL: 231,56 GR.

115,67 GR; 57,97 GR; 28,96 GR; 14,48 GR; 7,23 GR; 3,62 GR; 1,82 GR; 1,81 GR.

Os ponderais de vasos encaixados son un xogo de pesas de forma troncocónica, semellantes a un vaso ou cubilete que van ensamblados perfectamente uns dentro doutros. Coñécense tamén polo nome de pías ponderais por analogía coa famosa *Pía de Carlomagno*, un sistema de pesas introducido polo monarca europeo no ano 789 como patrón real de peso.

O vaso maior, que vai provisto dunha tampa co seu correspondente pecho, denomínase caixa, estoxo ou gardador e o seu peso baleiro é exactamente o mesmo que a suma de todos os demais. A peza máis pequena denominada disco ou última peza adoita ser maciza e serve de peche ao xogo. Desde o vaso gardador mantense unha proporcionalidade no peso, dentro dun sistema de base binaria, de xeito que cada un dos vasos pesa a metade que o anterior e igual que a suma do resto; o disco repite o peso do último dos vasos.

Estas pezas foron utilizadas para o peso de lingotes de metal precioso, na pesaxe de moeda, no comercio en xeral e como xogo de inspección e verificación. Por iso, a precisión do ponderal era comprobada por un oficial marcador que gravaba a súa marca ou contraste no peso como garante da súa fidelidade e validez. Estas marcas denomínanse “marcas de verificación” e acostuman estamparse na tampa da caixa, no fondo ou nos bordos exteriores dos vasos. Pero non é este o único punzón que pode aparecer neste tipo de obxectos, xa que podemos encontrar neles o escudo de armas ou o nome da cidade na que foron aprobados ou utilizados,

as cifras correspondentes ao valor ou peso de cada vaso, a marca cronolóxica e as do obradoiro ou do mestre artífice do ponderal.

O maior número de marcas de obradoiros e mestres coñecidos corresponden á cidade de Nuremberg, nunha actividade que se desenvolveu desde o século XIV ao XIX, aínda que a maioría da produción se sitúa entre os séculos XVI e XVIII, cando a cidade mantivo o práctico monopolio desta industria. Deste xeito, os numerosos ponderais fabricados para a exportación eran marcados coa inicial do nome do país de destino que no caso concreto de España é un S, correspondente ao alemán *Spanien*.

Son poucos os estudos especializados referidos a estes instrumentos no noso país, polo que a maior parte da bibliografía de consulta é inglesa e alemá, aínda que recentes publicacións veñen a encher este baleiro. O estudo máis completo é o *Catálogo de balanzas, cajas de cambista y ponderales*, publicado polo Museo de las Ferias de Medina del Campo en 2003, e do que é autor Fernando Ramos González, a quen seguimos no fundamental. Tamén do 2003 é o artigo publicado en *Numisma* por Bodega Barahona e Segoviano Sierra titulado “Estudio de las pilas ponderales del Museo Casa de la Moneda (Madrid)”.

O exemplar que garda o Museo é un conxunto completo, pois conserva as súas oito pezas orixinais. Está realizado mediante fundición por moldeo e sometido logo a un proceso mecánico. Trátase dun modelo sinxelo que responde a unha tipoloxía moi común no século XIX, sen máis decoración que unhas simples liñas incisas nas paredes exteriores dos vasos. A tampa do estoxo é do tipo de tres nervaduras de sección cadrada (dúas, en V, enfrontadas á terceira) e carece de asas.

O seu peso total é de 16 medias onzas (leva a marca 16 na tapa do vaso gardador), o que corresponde ao coñecido como *Marco Real de Castela* ou *Marco da Prata*, cuxo peso teórico é de 230,046 gr, e que era o patrón ou medida oficial para o peso da prata establecido polos Reis Católicos para os reinos unificados baixo a súa coroa.


Ademais da marca de valor, tamén presenta na tapa o punzón de fabricante: un cáliz, sen iniciais. No citado *Catálogo* do Museo das Ferias, Fernando Ramos cataloga un exem-

LIBRO

¶ La sexta tiene 1. ochaua o 6. tomines, o 72. granos.

¶ La septima tiene media ochaua, o 3 tomines, o 36. granos.

¶ La octaua tiene otra media ochaua, y es pesa maciça, con que se cierra el marco: y las demas son todas concauas.



¶ Para hazer los tomines de marco, se toma peño de media ochaua, y partefe en tres partes yguales: y delas dos hazen vna pefa de chapa de

DESCRIPCIÓN E DEBUXO DA PESA DO MARCO DE CASTELA. FOLIO 4V DO QUILATADOR DE LA PLATA, ORO Y PIEDRAS, DE JUAN DE ARFE Y VILLAFANE



MARCA DE FABRICANTE: CÁLIZ, NA TAPA DA CAIXA

plar cun cáliz na tapa igual a este e recolle que dita marca foi usada pola familia Fleischmann en Nuremberg desde o último cuarto do século XVII, aínda que non foron os únicos. Dito exemplar ten a marca de verificación de (18)58, data que tan só podería corresponder a Christoph Lenz, mestre desde 1795 e xuíz do gremio de fabricantes de pesos desde 1818. O ponderal do Museo ourensán mostra no interior do vaso gardador a data 1825, polo que tamén se pode atribuír a dito fabricante, aínda que neste caso non ten a inicial S, que como vimos era a que levaban os ponderais fabricados para España. Os catro vasos maiores levan na base interior o seu valor numérico (8, 4, 4, 1) e todos, incluído o disco, unha marca que supomos de verificación, un P, que non conseguimos identificar e que é igual á doutro exemplar reproducido na coñecida obra de Fernández, Munoa e Rabasco *Enciclopedia de la plata española y virreinal americana*.

As accións de pesar, medir e contar son actividades que ocuparon e preocuparon á humanidade desde as súas orixes. A creación de distintos instrumentos como variados tipos de pesas e balanzas, responde a necesidade de control sobre o peso das mercadorías, sobre todo no caso de materias primas de gran valor, coma os metais preciosos ou monetizables, que foron sempre obxecto dun control rigoroso da súa lei ou aliaxe, dado que o peso dos metais era sinónimo do seu valor monetario.

O comercio entre distintos pobos e a súa disparidade nos modos de pesar e medir, obrigou, desde antigo, ao

División do Marco da Prata	
1 Marco	= 8 Onzas
1 Onza	= 8 Ochavas
1 Ochava	= 2 Adarmes
1 Adarme	= 3 Tomines
1 Tomín	= 12 Granos

intento de establecer patróns fixos para o sistema de pesos e medidas.

Os primeiros sistemas métricos de uso común foron os que se instituíron para todo o Imperio Romano e que servirían de base para os desenvolvidos nos reinos cristiáns ao longo da Idade Media. En Hispania, coa conquista árabe incorporáranse novos valores e a figura do *almotacén* ou *fiel* como responsable da exactitude de pesos e medidas. Posteriormente a aparición dos distintos reinos peninsulares daría lugar a unha gran variedade e localismo nos patróns métricos ata o punto de convivir valores diferentes para as mesmas referencias nos distintos reinos e rexións, algo que se mantería ata a implantación do *Sistema métrico decimal*. Non obstante, xa desde mediados do século XIII, coa política de reunificación dos reinos cristiáns, xorden os primeiros intentos de establecer patróns únicos, nun momento de reactivación dos intercambios comerciais. E así, desde as iniciais disposicións de Afonso X en 1261, serán numerosas as normas legais, especialmente durante o reinado dos Reis Católicos, que aproben os distintos patróns metrolóxicos e traten da súa obrigatoriedade e observancia, así como do regulamento dos distintos cargos oficiais coma o de *Marcador Maior*, encargado de axustar e verificar a exactitude dos pesos con respecto aos patróns oficiais.

Porén, non será ata o século XVIII en que a Ilustración e a Revolución Francesa favorezan a xénese dun sistema de medidas completamente novo e universal que propón a súa unificación en 1790. Desta época datan os primeiros prototipos do metro e do quilogramo, en base aos cales se estableceu o *Sistema Métrico Decimal*, legalizado por Napoleón en 1810.


En España non sería introducido ata o 19 de xullo de 1849, ano no que Isabel II sancionaba en San Ildefonso a *Ley de Pesas y Medidas*, aínda que non se declarará de uso obrigatorio ata 1880. A súa implantación, de tódolos xeitos, foi lenta e desigual, e seguíronse mantendo durante moito tempo multitude de medidas e pesos tradicionais. Podemos imaxinar a dificultade da súa comprensión pola sociedade en xeral e a necesidade de contar con manuais de conversión de pesos e medidas o libros de táboas de redución, que foron de consulta continua e imprescindible.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, se facilita a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O solar foi ocupado dende época romana— da que fican algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engádegas e modificacións ate configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa a carón do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

### O horario de visita é o seguinte:

Mañá: martes a domingo, de 9,30 a 14,30h

Tarde: martes a sábado, de 16,00 a 21,00h

Permanece pechado os luns e festivos

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na ubicación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

MUSEO DE OURENSE



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE